



ENTRADAS E SAÍDAS ALUMNADO DE CICLOS MEDIOS

Ver planos nº 1 a 8, onde se dan detalles sobre formacións, rutas de circulación e portas de acceso.

O alumnado deberá entrar e saír UNICAMENTE polas portas asignadas a cada grupo USANDO EN TODO MOMENTO A MÁSCARA DE PROTECCIÓN.

Todas as circulacións no IES faranse en ringleira de a UN, gardando as distancias de seguridade e acompañados polo profesorado que teña asignado o grupo a esas horas.

ENTRADAS XERAIS (MAÑÁ E TARDE)

CICLOS MEDIOS DE ELECTRICIDADE, DE FABRICACIÓN MECÁNICA E DE IMAXE PERSOAL:

O alumnado situarase ás 8:20 h (15:50 h no horario de tarde) no corredor paralelo á entrada principal do edificio (Av. de Santiago) na ringleira correspondente ao seu grupo (estará identificado), colocándose de un en un e gardando a distancia de seguridade de 1,5 m, segundo o reflectido en planos adxuntos, e agardarán ao profesor/a co que teñan clase, ou de ser o caso profesor/a de garda, para entrar ás 8:25 h, nas aulas do Edificio A pola entrada principal (Porta 4) e nas aulas do Edificio B pola porta situada ao remate de dito corredor (Porta 3).

Non se abandonará a formación ata que o curso precedente teña finalizada a saída do corredor e esta rematará unha vez chegados á aula e sentados na cadeira asignada ao alumno.

O alumnado que chegue tarde dirixirase á entrada principal, esperará ao carón das formacións que aínda non teñan entrado e entrará pola porta principal cando llo indique o profesorado de garda.

Recórdase que 3 faltas de puntualidade supoñen un parte de incidencias.

RECREO

SAÍDA RECREO

O profesorado a quen corresponda a hora lectiva previa ao recreo terá ao alumnado, na súa aula de referencia, preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

CICLOS DE FABRICACIÓN MECÁNICA

Sairán ás 10:55h, de un en un e gardando a distancia de seguridade, pola porta principal.



EDIFICIO B

- PLANTA BAIXA

Os grupos da planta baixa sairán ás 10:55 h, pola porta máis próxima a súa aula.

- PRIMEIRA PLANTA

Todos os grupos da primeira planta sairán cando toque o primeiro timbre (10:57 h), empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo ás indicacións dos profesores de cada grupo.

- SEGUNDA PLANTA

Todos os grupos da segunda planta sairán cando toque o segundo timbre (11:00 h), empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo ás indicacións dos profesores de cada grupo.

CICLOS MEDIOS DE ELECTRICIDADE E IMAXE PERSOAL:

O alumnado destes Ciclos dirixirase á Porta 3, de un en un e gardando a distancia de seguridade, para a posterior saída ao exterior do centro.

O alumnado de Ciclos que de modo excepcional, e por razóns académicas, desexen permanecer durante o recreo no instituto, deberá pedir cita previa, con dous días de antelación, e facilitaráselle un espazo.

ENTRADA RECREO

CICLOS MEDIOS DE ELECTRICIDADE, DE FABRICACIÓN MECÁNICA E DE IMAXE PERSOAL:

O alumnado situarase ás 11:20 h no corredor paralelo á entrada principal do edificio (Av. de Santiago) na ringleira correspondente ao seu grupo (estaré identificado), colocándose de un en un e gardando a distancia de seguridade de 1,5 m, segundo o reflectido en planos adxuntos, e agardarán ao profesor/a co que teñan clase, ou de ser o caso profesor/a de garda, para entrar ás (11:25 h) nas aulas do Edificio A pola entrada principal (Porta 4) e nas aulas do Edificio B pola porta situada ao remate de dito corredor (Porta 3).

Non se abandonará a formación ata que o curso precedente teña finalizada a saída do corredor e esta rematará unha vez chegados á aula e sentados na cadeira asignada ao alumno.

O alumnado que chegue tarde dirixirase á entrada principal, esperará ao carón das formacións que aínda non teñan entrado e entrará pola porta principal cando llo indique o profesorado de garda.

Recórdase que 3 faltas de puntualidade supoñen un parte de incidencias.



SAÍDAS XERAIS (MAÑÁ E TARDE)

O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido e desinfectado polo alumnado; e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

CICLOS DE FABRICACIÓN MECÁNICA

Sairán ás 13:55h no horario de mañá e ás 18:30h no horario de tarde, de un en un e gardando a distancia de seguridade, pola porta principal.

EDIFICIO B

- PLANTA BAIXA

Os grupos da planta baixa sairán ás 13:55h no horario de mañá e 18:25h os ciclos no horario de tarde, pola porta máis próxima a súa aula.

- PRIMEIRA PLANTA

Todos os grupos da primeira planta sairán cando toque o primeiro timbre (13:57h no horario de mañá e 18:27h os ciclos no horario de tarde), empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo ás indicacións dos profesores de cada grupo.

- SEGUNDA PLANTA

Todos os grupos da segunda planta sairán cando toque o segundo timbre (14:00h no horario de mañá e 18:30h os ciclos no horario de tarde), empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo ás indicacións dos profesores de cada grupo.

CICLOS FORMATIVOS DE ELECTRICIDADE E IMAXE PERSOAL:

O alumnado de Ciclos dirixirase á Porta 3, de un en un e gardando a distancia de seguridade, para a posterior saída ao exterior do centro.